



Entrevista a Hugo Javier Freitas â A emigraciÃ³n galega foi entendida moitas veces como ruptura, pero tamÃ©n pode pensarse como continuidadeâ

Description

Actualmente estÃ¡ en proceso de publicarse a tÃ³a Ãºltima investigaciÃ³n, *RaÃces nas augas*. PoderÃas dicirme que achega esta nova investigaciÃ³n, que ten de particular? cando estarÃ¡ accesible ao pÃºblico?

RaÃces nas augas achega unha mirada que combina investigaciÃ³n histÃ³rica rigorosa cunha dimensiÃ³n narrativa. O particular do libro Ã© que reconstrÃ³e traxectorias reais a partir de arquivos e as transforma nun relato que busca comprender a experiencia migratoria desde dentro: non sÃ³ como fenÃ³meno histÃ³rico, senÃ³n como vivencia humana. O libro atÃ³pase recentemente publicado en Galicia e comeza agora o seu percorrido pÃºblico.

O propio tÃ³ulo suxire unha identidade en trÃ¡nsito ou fluÃda: como dialoga ese trÃ¡nsito, co concepto tradicional de â??raÃzâ? asociado Ã emigraciÃ³n galega?

O tÃ³ulo xoga precisamente con esa tensiÃ³n entre raÃz e movemento. A emigraciÃ³n galega foi entendida moitas veces como ruptura, pero tamÃ©n pode pensarse como continuidade. As raÃces non desaparecen: transfÃ³rmanse, desprÃ³zanse, permanecen na memoria, nos nomes e nos afectos. O trÃ¡nsito non anula a raÃz, senÃ³n que a reconfigura.

Ao longo do teu traballo, que elementos diferencian a experiencia da emigraciÃ³n galega en Arxentina, por exemplo fronte a experiencia croata?

No caso galego en Arxentina, destaca a forte construciÃ³n comunitaria, con redes sociais e culturais moi sÃ³lidas. Se o comparamos coa emigraciÃ³n croata, por exemplo, vemos diferenzas nos tempos, nas formas de integraciÃ³n e na relaciÃ³n co territorio de orixe. Pero tamÃ©n hai elementos comÃ³ns: o traballo, a adaptaciÃ³n e a transmisiÃ³n familiar.

A emigración galega en Arxentina foi clave na construción de redes sociais, culturais e económicas: en que medida consideras que esa pegada segue viva hoxe, máis alí da memoria simbólica?

A pegada da emigración galega segue moi viva en Arxentina. Non só en institucións ou centros galegos, sen tamén na cultura, na lingua e nas prácticas cotiás. A presenza que vai máis alí da memoria simbólica e forma parte da identidade social do país.

Que papel xogan as historias individuais e familiares, cotiás, na construción dunha narrativa colectiva da diáspora galega que, moitas veces, foi explicada desde grandes cifras ou procesos históricos?

As historias individuais son fundamentais. A gran historia da emigración constrúese a partir de pequenas historias: cartas, silencios, decisións familiares, perdas e esperanzas. Sen esas historias, a emigración queda reducida a cifras. O meu traballo tenta precisamente devolverlle esa dimensión humana.

Se tivese que extraer unha lección contemporánea da emigración galega cara América, que nos axude a entender os movementos migratorios actuais, cal sería?

Se tivese que extraer unha lección contemporánea, diría que a emigración é unha experiencia complexa que combina dor e oportunidade. Axúdanos a entender os movementos actuais non como algo excepcional, sen como parte dunha historia longa, que se repite con matices distintos.

Que pensas das novas cidadanías que están a crearse logo da Lei de Memoria democrática?

Son un fenómeno moi revelador e tamén moi humano. Non teñen un valor administrativo ou xurídico: en moitos casos supoñen unha maneira de volver poñer en movemento a memoria familiar, de recuperar unha historia interrompida pola emigración, o exilio ou o paso do tempo.

Paréceme especialmente significativo que, varias xeracións despois, siga existindo esa necesidade de reconectar cunha orixe. Iso mostra que a emigración non remata nunca de todo: deixa marcas, preguntas, silencios e tamén desexos de pertenza que poden reaparecer moito tempo despois. Nese sentido, estas novas cidadanías falan de dereitos, por suposto, pero tamén de memoria, identidade e afectos que seguen vivos.

Por último, poderías recomendarnos un libro, unha película e unha canción arxentina ou croata?

Como recomendacións, suxeriría un libro como A esmorga de Eduardo Blanco Amor, unha película como La historia oficial e unha canción como Volver de Carlos Gardel, que expresa moi ben a relación coa memoria e coa distancia.

[Raíces nas Augas](#)

Queres conseguir Raíces nas augas? Pincha na ligazón

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica Acción exterior de Galicia

ETIQUETAS

Diáspora Arxentina Emigración diáspora galega emigración galega

INVESTIGACION

Paradiplomacia Observatorio das Diásporas

Date Created

Abril 9, 2026

Meta Fields

Autoria : 3782